

Paris, 23 de novembre de 1967

Sr. Antón Alonso Pérez.
Segretario de Coordinación do
CONSELLO DE GALIZA;
Bos Aires.

Distinto irmán:

Con presa, debido o poco tempo de que dispoño e o moito traballo que teño n'estes días, mandolles unhas letras pra darlles conta de que na tarde d'ontem o señor Gorkin informou o Consello Federal sobre a situación política na España actual. Como eu non puiden asistir po-las razos de tempo e traballo ditas, o señor Gorkin chamoume a casa e doume conta resumida de que fora a reunión. A ela asistiron, ademais d'este bon amigo, os señores Llopis, Parera, Maldonado, Valera e Irujo, os que se limitaron a escoitar en silencio o que dixo Gorkin que eu resumo pra vostedes.

- 1º.- A casi seguridade de que as tres tendencias da democracia cristiã vense a unir n'un soio grupo (Falo das tendencias do señor Gil Robles, de Giménez Fernández e de Ruiz Jiménez) O señor Ruiz Jiménez, Presidente ademais de Pax Cristiana, o apoia o Vaticano que vai tomando medidas de prudencia con respecto o réximen de Franco.
- 2º Estado da saúde do General Franco. Parece ser (xa tiña eu noticias d'esto por outros conductos) que nos meses de vran Franco foi vítima de catro síncope, o mais grave con perda de conocimiento mais de quatro horas durante unha cacería na provincia de Jaén. Por esto e despois de examen e consello médico de que se tomarán as debidas precaucios, pois se temem ataques mais fortes que poideran acabar co Caudillo o deixalo inútil, por esto, repito, veu o nombramento de Carrero Blanco a Vicepresidencia do Consello con poderes de Presidente si algo ecurrira. Pensa Carrero Blanco cambiar algú Ministro e chamar pra os cargos vacantes xentes "duras", dispostas a tirar contra os obreiros e estudantes si manifestan contra o réximen.
- 3º Ofrecimiento da Rexencia a Don Xuan, ea condición da súa abdicación en favor do seu fillo, cousa a que don Xuan negase rotundamente.
- 4º Infiltración dos mandos comunistas nos Sindicatos Oficiales e nas Comisiones Obreiras, sobre todo no Centro e na Andalucía, co peligro qu'esto representará mañan pra democracia, si chegamos a ela.
- 5º Deseio de todas as forzas democráticas do interior de servirse do Consello Federal como plataforma, amparada po-la Comunidade Europea para reformarse, uniersa na acción e preparar o porvenir política de España. Ademais de Gil Robles e Ridrujeo, aceptados xa no Consello espéranse que chamen as nosas portas outros grupos democráticos.

Nada mais no que a reunión do Consello se refiere.

Recibín os Estatutos aprobados po-lo Consello na reunión de que lles dín conta últimamente. Non tuven tempo a sacar copias e copio solamente o Capítulo V, pra que tomen as medidas que mellor lles pareza.

Dice así: CAPITULO V. DE LOS RECURSO FINANCIEROS. Artículo 23. La Tesorería del CONSEJO FEDERAL ESPAÑOL DEL MOVIMIENTO EUROPEO se alimentará de las cotizaciones de sus miembros. Estas cotizaciones se fiján en 50 francos franceses o 600 pesetas anuales para los afiliados a título individual y en 500 francos franceses o 6.000 pesetas anuales para las organizaciones federadas. Las organizaciones o los miembros a título individual que aporten voluntariamente una cotización superior a 500 francos franceses o 6.000 pesetas anuales, gozarán del título de miembros benefactores.

Tamen copio, por estar casi seguro de que seguiremos no Consello, o Artículo 3 dos Reglamentos de Régimen Interior, que dicen textualmente:

Artículo 3. Composición del Consejo Federal Español. En aplicación de los Artículos 4, 5, 7, 8, 14 y 15 de los Estatutos, el Consejo Federal Español del Movimiento Europeo se compone de las delegaciones siguientes:

I Grandes tendencias democráticas:

Tendencia demócrata cristiana	4 delegados
Tendencia socialista	4 delegados
Tendencia liberal	4 delegados

II Comité y Grupos representativos de los pueblos que componen la comunidad española.

Comité catalán	4 delegados
Comité vasco	4 delegados
Grupo gallego	2 delegados

III Otras organizaciones y Grupos

Acción social democrática	1 delegado.
---------------------------	-------------

.....

Las delegaciones de las grandes tendencias democráticas y de los Comités y grupos representativos de los pueblos que componen la comunidad española estarán compuestas en un 50%, por lo menos, por delegados residentes en España.

E pra terminar unha pregunta: supoñendo que eu siga merecendo a confianza d'ese Consello e sea o Delegado do exterior ¿ que nome dou, que persona vai a sere o delegado do interior? Esto corre prisa pois xa demos moitas probas de debilidade, o que trouxo como consecuencia que soio nos derán dous delegados, e non quixera ir a proisima reunión sin un nome que dar.

Reciban todos unha forte aperta de

Xavier Alvajar

P/D/ Supoño que os seus fillos xa estarán de volta en Bos Aires. Un saúdo fraterno.